[C]asalba Nadal do 1962

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e lembrado amigo: Penso nas horas fondas e lem-
bradeiras de Vde e sua dona – 6.5.p. – e fillas nisa ialba e gris de silencios do
Pingoy, sin rapaces, ao devalar das estrelas faiscantes e o particular es-
tilo das ideas voltandose adolescentes nistes dias ca espranza do mar
de xaneiro e a emoción dos seráns xa crecedeiras como as saias das
rapaciñas voltandose moiñas cun tabio novo no ar. Eu penso ó lu-
me ollando a paixón doente das serras louxaas, sentindo voltar o ar-
mentío e tamén chegar meu tempo novo como a testa dun bondoso
cán de palleiro que se achega ós meus xoenllos pra ser agasallado por
a miña man que xa tén o pendurar de do meu pai, cousa e pu-
ra – a miña non – de pecados.. Ainda me non teño curado da mi-
ña teima de compór poemas ambiciosos nistes dias.. Onte descin
a Ourense. O Vicente Risco vai millor pro sempre insomne e
abourado por unha estrana febre. Que deus me conceda un agueiras
menor doorme. E a todos os amigos.. O 63 ten de sere ilustre polo
seu libro, querido amigo. Agardo de sua compaña moito consello.
Cando señan menos firentes os coitelos da xiada penso voltar por
os vellos camiños tan amados. As veces chegan a miña porta co-
mo meantiños petindo que nonos desampare. Pro restame a viag-

e non tén o engado do que dinantes. Fallan moitos amigos. De todos xei-
tos cando acordo zoio un intre na outa noite maxino roteiros e conver-
sar. Infinitas graciñas polo seu recordo, con saúdos a súa dona e fillas e
memorias de Tita. Apertas do vello admirador e amigo

Ramón Otero Pedrayo